

Campaña de vacinación antigripal 2016

Instrucción



NO PASADO INVERNO
CASE 1.700 GALEGOS INGRESARON POR GRIPE,
MOITOS EN COIDADOS INTENSIVOS,
A MAIORÍA NON VACINADOS

A información relativa a esta campaña pódese consultar na web temática creada pola Dirección Xeral de Saúde Pública:

<http://gripe.sergas.gal>

INSTRUCCIÓN: 5/16

ASUNTO:

Instrución sobre a campaña de vacinación antigripal 2016

ORIXE:

DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA /
DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA

DESTINATARIOS:

Centros de saúde / hospitais públicos / hospitais e centros médicos privados /
residencias da 3ª idade / centros penitenciarios /
unidades asistenciais de drogodependencias /
centros de menores e colexios-residencias / residencias de discapacitados /
outro tipo de centros / xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade /
xerencias do Servizo Galego de Saúde

INICIO DA CAMPAÑA: 24 de outubro de 2016

FINALIZACIÓN: 23 de decembro de 2016

ÍNDICE

INFORMACIÓN BÁSICA DA CAMPAÑA	2
Introdución	4
1. Obxectivos da campaña	4
2. Duración da campaña	5
3. Poboación diana	6
3.1. Persoas con risco de complicacións	6
■ Persoas de 60 ou máis anos	6
■ Adultos e nenos de máis de 6 meses con condicións crónicas de risco	6
■ Persoas de calquera idade residentes en institucións pechadas (fogares de anciáns e outros centros de atención a crónicos)	6
■ Mulleres que se encontran embarazadas durante a temporada de gripe	6
3.2. Persoas que lles poden transmitir a gripe a persoas con alto risco de presentar complicacións	7
3.3. Outras persoas nas cales se recomenda a vacinación	7
4. Información técnica sobre as vacinas antigripais	8
Composición	8
Tipos de vacina	8
Indicación das vacinas	8
Administración, pautas, doses e conservación	9
Inmunoxenicidade e efectividade	10
Efectos secundarios	10
Precaucións e contraindicacións	11
5. Vacina antipneumocócica (vacina antipneumocócica de polisacáridos)	13
Composición	13
Administración	13
Indicacións	14
Inmunoxenicidade e efectividade	15
Efectos secundarios	16
Precaucións e contraindicacións	16
Administración simultánea da vacina antigripal, antipneumocócica e outras vacinas	16
6. Xestión	17
6.1 Distribución de vacinas a puntos de vacinación	17
6.2 Recepción das vacinas e mantemento da rede de frío	19
6.3 Rexistro das doses administradas	19
6.4 Recollida das doses sobrantes	21
ANEXOS	23
I. Instrucións de uso da vacina intradérmica (Intanza 15®)	24
II. Coordinadores/as das xerencias de xestión integrada	26
III. Xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade	27

INFORMACIÓN BÁSICA DA CAMPAÑA

■ **Data de inicio:** 24/10/2016

■ **Data de finalización:** 23/12/2016

Poboación diana

- Persoas de 60 ou máis anos, especialmente as de 65 ou máis.
- Internos en residencias de maiores ou centros de atención a crónicos.
- Embarazadas.
- Persoas menores de 60 anos con patoloxías de risco (definidas na instrución).
- Profesionais sanitarios.
- Persoas que traballan en institucións pechadas.
- Persoas que proporcionan coidados a pacientes de risco.
- Persoas que desenvolven traballos esenciais para a comunidade.

Vacinas da campaña

- **Influvac®:** menores de 75 anos.
- **Intanza 15®:** maiores de 75 anos e persoas internadas en residencias maiores de 65 anos.
- **Pneumovax 23®:** persoas que cumpren 65 anos e maiores de 65 que non a recibiron con anterioridade.

Pauta de vacinación

- Unha dose, agás os menores de 9 anos, que poden necesitar dúas.

Distribución de vacinas

Carga inicial:

- Os centros pertencentes ao Sergas recibirán unha carga inicial de doses sen ter que solicitala.
- Os restantes centros (hospitais privados, centros médicos privados, residencias...) deberán solicitar a carga inicial de doses vacinais ás xefaturas territoriais correspondentes.

Días de distribución:

- **1ª-2ª semana (24 de outubro-4 de novembro):** martes / mércores / venres.
- **3ª-4ª semana (7 de novembro-18 de novembro):** martes / xoves.
- **A partir da 5ª semana da campaña (21 de novembro):** xoves.

Sistemática de peticións:

Vía web: [prema nesta ligazón](#)

En temas / saúde pública / enfermidades transmisibles / Programa Galego de Vacinación / Xestión e Loxística / Xestión dos puntos do PGV

Rexistro de doses

■ Centros pertencentes á rede Sergas: módulo habilitado en IANUS

■ Restantes centros: [prema nesta ligazón](#)

En temas / saúde pública / enfermidades transmisibles / Programa Galego de Vacinación / Xestión e Loxística / Xestión dos puntos do PGV

Web temática de gripe

<http://gripe.sergas.gal>

Contacto

Xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade

- A Coruña: corunavacinas.dlpc@sergas.es
981 155 822 / 981 082 261
- Lugo: _DLL_VACINAS@sergas.es
982 292 117 / 982 292 113
- Ourense: vacinas.sanidade.ourense@sergas.es
988 066 347 / 988 066 332
- Pontevedra: vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es
986 885 826 / 986 885 824
- Vigo: vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es
986 817 724 / 986 817 233

Xerencias de xestión integrada

- A Coruña-Cee: 464656 / 648 714 047 / 462222/ 618 197 176
- Ferrol: 981 334 018
- Santiago-Barbanza: 256134 / 460954
- Lugo-Cervo-Monforte: 982 296 130
- Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras: 988 066 439
- Pontevedra-O Salnés: 986 807 011
- Vigo: 619 606 625

Introdución

A gripe é unha enfermidade grave, evitable e moi transmisíbel; por este motivo todos os anos dende 1991 a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e do Servizo Galego de Saúde, leva a cabo a campaña de vacinación antigripal con anterioridade para as persoas de 65 ou máis anos e xa dende o ano 2010 para todas as persoas de 60 ou máis anos.

A vacina da gripe é a única vacina que se reformula cada ano, en resposta á variación constante dos virus gripais, co obxectivo de que os virus incluídos na vacina concorden cos circulantes.

O obxectivo primordial desta campaña é ofertar a vacinación a todas as persoas incluídas nos grupos de risco de xeito totalmente gratuíto, co fin de acadar unhas coberturas axeitadas nesta poboación que reduzan a súa morbilidade, así como os custos socioeconómicos asociados ao padecemento desta enfermidade.

Esta tempada as vacinas que se van administrar son a vacina antigripal inactivada de antíxenos de superficie (vacina Influvac®) e a vacina da gripe de virus inactivados de administración intradérmica (vacina Intanza15®) indicada para as persoas de máis de 75 anos e as de 65 ingresadas en residencias, xa que esta vacina ten unha maior inmunoxenicidade, xerando unha resposta inmune máis potente neste grupo de persoas cun maior risco de complicacións e menor resposta inmune.

Nesta tempada 2016-2017 cambiaron dúas das tres cepas incluídas na vacina respecto das do ano pasado: no caso da cepa A (H3N2) cambia a cepa Switzerland 2013 pola Hong Kong 2014, e en canto á cepa B cambia de Phuket 2013 (liñaxe Yamagata) pola Brisbane (liñaxe Victoria).

Esta campaña de vacinación antigripal / antipneumocócica precisa, para a súa realización, da participación dun importante número de profesionais sanitarios que desenvolven o seu traballo en centros nos que se atende as persoas pertencentes a grupos de risco nos que está indicada a vacinación, resaltando deste xeito a enorme importancia da colaboración de todos os profesionais implicados nela.

1. Obxectivos da campaña

Os obxectivos que se pretenden acadar nesta campaña de vacinación detállanse a continuación:

Obxectivo xeral

Diminuír o número e gravidade das complicacións derivadas do padecemento da gripe tentando minimizar o impacto na saúde mediante a súa prevención.

Obxectivos específicos

Ofertar activamente a vacunación contra a gripe para:

- Consegir unha cobertura na poboación de 60 a 64 anos igual ou superior ao 35%.
- Consegir unha cobertura na poboación de 65 ou máis anos igual ou superior ao 65%.
- Consegir unha cobertura vacinal nos traballadores sanitarios do Servizo Galego de Saúde igual ou superior ao 35%.

Obxectivos de xestión

- Consegir que a porcentaxe de doses recollidas ao remate da campaña sexa menor dun 5% das doses subministradas aos centros.
- Consegir que a relación entre as doses rexistradas e as utilizadas sexa de máis do 97%.

2. Duración da campaña

- Inicio: **24 de outubro**
- Fin: **23 de decembro**



3. Poboación diana

3.1. Persoas con risco de complicacións

3.1.1. Persoas de 60 ou máis anos, realizando especial fincapé na vacinación das persoas de 65 ou máis anos.

3.1.2. Persoas de calquera idade residentes en institucións pechadas (residencias de persoas maiores e outros centros de atención a crónicos).

3.1.3. Mulleres embarazadas en calquera trimestre da xestación.

3.1.4. Nenos e adolescentes (de 6 meses a 18 anos) con tratamentos prolongados de ácido acetilsalicílico, pola posibilidade de desenvolver unha síndrome de Reye.

3.1.5. Persoas menores de 60 anos e maiores de 6 meses con algunha das seguintes patoloxías que presentan un maior risco de padecer complicacións derivadas da gripe:

- Enfermidades do sistema cardiovascular.
- Enfermidades respiratorias (inclúe asma, displasia broncopulmonar, fibrose cística...).
- Enfermidades neurolóxicas, neuromusculares ou outros trastornos que dificulten a mobilización de secrecións ou aumenten o risco de aspiración.
- Enfermidades metabólicas (inclúe diabetes mellitus).
- Enfermidades renais.
- Enfermidades hepáticas.
- Asplenia ou disfunción esplénica.
- Hemoglobinopatías e anemias.
- Pacientes con cancro e inmunosupresión (incluída a causada polo VIH, medicación, receptores de transplantes...).
- Enfermidades que implican disfunción cognitiva (síndrome de Down, parálise cerebral, demencias...).
- Persoas con obesidade mórbida (índice de masa corporal ≥ 40 en adultos, ≥ 35 en adolescentes ou ≥ 3 DS na infancia).
- Persoas portadoras de implantes cocleares ou en espera.

Nestes grupos farase un especial fincapé naquelas persoas que precisan seguimento médico periódico ou aquelas hospitalizadas no ano previo.

3.2. Persoas que lles poden transmitir a gripe a persoas con alto risco de presentar complicacións

- Todos os traballadores de centros sanitarios, tanto de atención primaria como de especializada, públicos ou privados, con especial fincapé naqueles que atenden pacientes de alto risco.
- Estudantes en prácticas en centros sanitarios.
- Persoas que traballan en institucións pechadas, especialmente as que teñan contacto continuo con persoas vulnerables.
- Persoas que proporcionan coidados domiciliarios a pacientes de alto risco ou a persoas maiores.
- Membros da familia e conviventes (incluídos nenos) de persoas pertencentes a grupos de risco.

3.3. Outras persoas nas cales se recomenda a vacinación

- Persoas que desenvolven traballos esenciais para a comunidade: forzas e corpos de seguridade do Estado, bombeiros, persoal de protección civil, emerxencias sanitarias, traballadores de institucións penitenciarias...

Ademais, a vacina pode administrarse, con menor prioridade, a calquera persoa de 6 ou máis meses de idade que queira reducir o risco de adquirir a enfermidade.



4. Información técnica sobre as vacinas antigripais

Composición

Vacina trivalente INACTIVADA que conteña os seguintes antíxenos por dose:

- Ceba análoga A / California / 7 / 2009 (H1N1) pdm09: 15 µg de HA*
- Ceba análoga A / Hong Kong / 4801 / 2014 (H3N2): 15 µg de HA*
- Ceba análoga B / Brisbane / 60 / 2008 (liñaxe Victoria): 15 µg HA*

Cepas cultivadas en ovos de galiña embrionados procedentes de polos sans.

* Hemaglutinina.

As vacinas non conteñen látex.

Tipos de vacina

As vacinas antigripais que se subministran maioritariamente nesta campaña son:



- **Influvac®**, laboratorio Mylan Pharmaceuticals S.L.: vacina de antíxenos de superficie inactivados. Dose de 0,50 ml.
- **Intanza 15®**, laboratorio Sanofi Pasteur MSD: vacina de virus fraccionados, inactivados, de administración intradérmica, **para persoas de 75 ou máis anos, e as ingresadas en residencias, de 65 ou máis anos. Dose de 0,1 ml.**

Indicación das vacinas

Persoas	Grupo de idade		
	Menor de 65 anos	De 65 a 74 anos	De 75 ou máis anos
Persoas non institucionalizadas	Influvac® (Vacina convencional)	Influvac® (Vacina convencional)	Intanza 15®
Persoas ingresadas en residencias	Influvac® (Vacina convencional)	Intanza 15®	

Administración, pautas, doses e conservación

INFLUVAC®

- Esta vacina está autorizada para o seu uso a partir dos 6 meses de idade.
- Vía de administración: intramuscular ou subcutánea profunda.
- En adultos e nenos maiores dun ano, o lugar de elección é o músculo deltoide.
- En lactantes e nenos pequenos é preferible a cara anterolateral da coxa.
- A pauta de vacunación en nenos de 9 ou máis anos e adultos é dunha única dose.

En nenos menores de 9 anos a pauta varía segundo a idade e antecedente de vacunación:

Grupo de idade (vacina Influvac®)	Dosificación	Nº de doses
6-35 meses (ambos inclusive)	0,25 ml	1 ou 2*
3-8 anos (ambos inclusive)	0,50 ml	1 ou 2*

* Aos nenos que reciban a vacina antigripal por primeira vez na súa vida, débenselles administrar 2 doses, **cun intervalo dun mes entre elas**. Se xa recibiron previamente dúas doses en tempadas anteriores, só precisan dunha única dose.

As persoas con trastornos da coagulación ou en tratamentos anticoagulantes poden desenvolver hematomas no lugar da inxección. Isto non contraindica a vacunación, e no caso de precisar unha vacina cuxa vía de administración sexa unicamente intramuscular debe utilizarse unha agulla fina (calibre ≤ 23 G) aplicando presión local sen fretar durante 2 minutos tras a administración. Se está con tratamento fronte á hemofilia ou similar, aproveitarase para vacinar inmediatamente tras a administración do tratamento. En todo caso, é aconsellable consultar co especialista responsable do seu tratamento.

INTANZA 15®

- Esta vacina **só está autorizada en adultos de 60 ou máis anos**.
- Vía de administración: intradérmica.
- O lugar de administración recomendado é o músculo deltoide.
- A pauta de vacunación é dunha única dose.

As instrucións de uso desta **vacina intradérmica** figuran detalladas no anexo I deste documento.

Conservación:

- Entre +2 °C e +8 °C.
- Non debe conxelarse.
- Asegurar o mantemento da rede de frío ata a súa administración.

A mellor estratexia para a prevención da gripe e as súas complicacións é a vacunación anual



Inmunoxenicidade e efectividade

Para esta tempada 2016-2017 cambiaron dúas das tres cepas contidas na vacina (H3N2 e B).

A eficacia e a efectividade pode variar entre un 30-80% dependendo da idade e da inmunocompetencia da persoa, así como do grao de similitude entre os virus contidos na vacina e os virus circulantes.

Aínda así, a vacina da gripe ten un importante beneficio, xa que reduce a frecuencia de complicacións secundarias e diminúe, así mesmo, o risco de hospitalización e morte relacionado coa gripe nos adultos de 60 ou máis anos, con ou sen condicións médicas de risco.

Despois da vacinación, a maioría dos nenos e adultos novos desenvolven títulos de anticorpos que protexen fronte á infección de cepas similares ás incluídas nas vacinas.



As vacinas antigripais son seguras e efectivas en todos os grupos de idade

Efectos secundarios

Os efectos adversos son pouco frecuentes e, cando aparecen, adoitan ser locais e autolimitados.

O efecto secundario máis frecuente é a reacción local (dor, eritema, induración) no lugar da inxección, que dura menos de 48 horas. As reaccións locais aparentes poden ser máis frecuentes coa vacina intradérmica, aínda que se resollen espontaneamente entre 1-3 días tras o seu inicio.

Estas reaccións locais, polo xeral, son leves e raramente interfiren coas actividades rutinarias.



Dado que as vacinas antigripais conteñen soamente virus fraccionados non infecciosos ou antígenos (inactivados), non poden ocasionar a gripe

Con menor frecuencia (<10%), poden ocorrer dous tipos de reaccións sistémicas:


- Febre, malestar, mialxias e outros síntomas sistémicos, que se inician ás 6-12 horas tras a vacunación, e persisten 1-2 días. Afectan máis a miúdo a aquelas persoas non vacinadas con anterioridade.
- Con moi pouca frecuencia poden aparecer reaccións inmediatas (presumiblemente alérxicas), que se manifestan como anxioedema, asma ou anafilaxe. Probablemente, estas reaccións prodúcense por hipersensibilidade a algún compoñente da vacina.

Precaucións e contraindicacións

- A vacina non se lles debe administrar a persoas con **antecedentes de reacción anafiláctica** a doses previas ou a algún compoñente da vacina.
- No caso de **enfermidade febril severa concorrente**, a vacunación deberá diferirse ata que remitan os seus síntomas.
- Non obstante, enfermidades menores con ou sen febre non contraindican o uso da vacina da gripe, particularmente en nenos con infección leve do tracto respiratorio superior ou rinite alérxica, polo que nestes casos a vacunación non se debería pospoñer.
- Persoas que non sexan de alto risco e que padecesen a síndrome de Guillain-Barré (SGB) nas 6 semanas posteriores a unha dose previa de vacina antigripal.
- Aínda que non existe unha clara evidencia da asociación causal entre a vacina antigripal e a SGB, nese caso parece prudente non administrarles a vacina.
- No caso de persoas con antecedentes de SGB que teñen un risco moi elevado de complicacións gripais graves, a maioría dos expertos cren que os beneficios da vacunación antigripal xustifican o seu uso, xa que o padecemento da gripe implica un maior risco de presentar recaídas respecto á SGB que a vacunación. As investigacións realizadas indican que non existe un incremento substancial da incidencia desta síndrome coa vacunación antigripal.
- A aplicación da vacina **NON ESTÁ CONTRAINDICADA** en persoas inmunodeficientes calquera que sexa o motivo, dado que as vacinas dispoñibles son vacinas inactivadas e, polo tanto, non existe risco de proliferación viral incontrolada. Tan só se pode esperar unha menor resposta inmune.

- A vacinación tampouco está contraindicada no período de lactación materna. Ao contrario, está recomendada, pois evítalles riscos á nai e ao feto.
- As vacinas dispoñibles están cultivadas en ovos, polo que as persoas que experimentaron hipersensibilidade ao ovo poden ter un risco aumentado de alerxia á vacina antigripal.

Aínda que de xeito xeral estas vacinas estaban contraindicadas en persoas alérxicas ao ovo, na actualidade a contraindicación absoluta resérvase para os casos nos que houbo unha reacción alérxica grave previa á vacina; o resto das persoas con alerxia ao ovo poden ser vacinadas segundo o esquema que se amosa a continuación, tendo en conta que as persoas que só manifestasen unha reacción urticarial poden recibir a vacina nas condicións sinaladas a continuación. No caso de persoas de alto risco con contraindicación á vacina, a utilización de antivíricos é unha opción para previr a gripe, e igualmente débese lembrar a vacinación dos seus conviventes.



5. Vacinación antipneumocócica (vacina antipneumocócica de polisacáridos)

Nesta campaña, igual que en anos anteriores, ofértase tamén a vacinación antipneumocócica para todas as persoas de 65 anos de idade ou para aquelas persoas de 65 ou máis anos que non a recibiron con anterioridade



Na nosa Comunidade esta vacina incorporouse no ano 2000 para todas as persoas de 65 anos e tamén para as persoas pertencentes a grupos de risco, completándose neste último caso coa vacina antipneumocócica conxugada no ano 2012 no caso dos adultos.

Composición

A vacina antipneumocócica **Pneumovax 23®** contén 23 antíxenos de polisacáridos capsulares purificados do *Streptococcus pneumoniae* (serotipos 1, 2, 3, 4, 5, 6B, 7F, 8, 9N, 9V, 10A, 11A, 12F, 14, 15B, 17F, 18C, 19A, 19F, 20, 22F, 23F e 33F).

Administración

Presentación: solución inxectable en vial.

Vía de administración

- Preferentemente intramuscular, aínda que pode utilizarse a vía subcutánea.
- O lugar de elección é o músculo deltoide.

Dose

Adminístrase unha única dose de 0,5 ml, que contén 25 µg de cada antíxeno de polisacárido capsular, a todas as persoas, independentemente da súa idade ou pertenza a grupo de risco.

Indicacións

Persoas de 65 anos

Estas persoas deben recibir unha dose de vacina antipneumocócica de polisacáridos. No caso de estaren xa vacinadas fronte ao pneumococo, débese comprobar a necesidade ou non da súa revacunación.

As persoas de máis de 65 anos que non recibisen a vacina con anterioridade deberán recibir unha dose desta.

Persoas de entre 2 e 64 anos: grupos de risco

Ofertaráselles a vacinación ás persoas pertencentes aos seguintes grupos de risco:

Persoas inmunocompetentes con patoloxías crónicas:

- Patoloxía cardiovascular crónica.
- Enfermidade respiratoria crónica e enfermidades neuromusculares ou outros trastornos que dificulten a mobilización das secrecións respiratorias ou aumenten o risco de aspiración.
- Diabetes mellitus.
- Enfermidade hepática crónica grave*.
- Fístulas de líquido cefalorraquídeo*.
- Persoas con asplenia anatómica ou funcional e disfunción esplénica*.
- Implante coclear*.
- Antecedente de enfermidade invasiva confirmada (PCR ou cultivo) causada por *Streptococcus pneumoniae**.

Persoas inmunocomprometidas*:

- Persoas con inmunodeficiencia de células T ou B, déficits de complemento e trastornos da fagocitose.
- Persoas con leucemia, enfermidade de Hodgkin, linfoma, mieloma múltiple ou outras neoplasias xeneralizadas.
- Infección por VIH.
- Persoas con insuficiencia renal crónica (estadio 3 ou superior) ou síndrome nefrótica.
- Receptores de transplantes de órganos ou medula ósea.
- Persoas que están a recibir terapia inmunosupresora, incluíndo os corticoesteroides sistémicos de longa duración e radioterapia.

- * Para obter a mellor resposta nas persoas pertencentes a algúns dos grupos sinalados (*), débese seguir unha determinada secuencia na utilización das vacinas polisacáridas e conxugada, polo que cómpre consultar a instrución de vacinación antipneumocócica conxugada:

www.sergas.gal

(en temas / saúde pública / enfermidades transmisibles / Programa Galego de Vacinación)

Cabe destacar que as persoas xa vacinadas coa vacina de polisacáridos non precisan volverse vacinar, agás nas situacións recollidas na epígrafe seguinte

Revacunación:

- **Persoas de 65 ou máis anos:**

Só deberán recibir unha segunda dose no caso de teren sido vacinadas polo menos 5 anos antes e sempre e cando a primeira dose a recibisen cunha idade inferior aos 65 anos.

- **Persoas de entre 2-64 anos de idade con asplenia anatómica ou funcional e persoas inmunocomprometidas:**

Neste caso está indicada unha segunda dose aos 3-5 anos da primeira.

Imunoxenicidade e efectividade

A administración da vacina induce unha resposta tipo-específica, con aumento do título de anticorpos dentro das 2-3 semanas seguintes en máis do 80% das persoas adultas sas.

As persoas de maior idade e as persoas con enfermidades crónicas poden desenvolver títulos máis baixos de anticorpos que os adultos sans. Non obstante, as persoas de máis de 2 anos con asplenia anatómica ou funcional responden cun nivel de anticorpos similar ás persoas sas da mesma idade.

No grupo das persoas inmunocomprometidas a resposta á vacina pode estar diminuída.

A efectividade da vacina fronte á enfermidade invasiva en estudos caso-control presenta un rango do 56-81%. En persoas inmunocompetentes de 65 ou máis anos é do 75% e no grupo de pacientes con enfermidades crónicas oscila entre un 65-84%.

Efectos secundarios

O efecto secundario máis frecuente é a reacción local no lugar da inxección (dor, eritema, induración), que se presenta en aproximadamente un 30-50% dos casos e dura menos de 48 horas.

As reaccións locais máis severas e as reaccións sistémicas son infrecuentes, e as reaccións febrís severas, extremadamente raras.

Non se atoparon alteracións neurolóxicas tales como síndrome de Guillain-Barré tras a administración da vacina antipneumocócica.

Precaucións e contraindicacións

- Ao ser unha vacina inactivada, non está contraindicada en situacións de inmunosupresión, aínda que os niveis séricos de anticorpos pode que non acaden valores óptimos.
- Non debe administrarse a vacina por vía intradérmica, xa que pode causar reaccións locais severas.
- Non existen datos sobre a seguridade da vacina durante o primeiro trimestre do embarazo, aínda que non se notificaron consecuencias adversas nos neonatos de nais que foron vacinadas inadvertidamente durante o embarazo.
- As contraindicacións desta vacina son as xerais para todas as vacinas, é dicir, enfermidade aguda moderada ou severa, alerxia a algún compoñente da vacina ou reacción severa a unha dose previa.

Administración simultánea da vacina antigripal, antipneumocócica e outras vacinas

As vacinas antigripais e antipneumocócicas de polisacáridos pódense administrar simultaneamente, sempre e cando a súa administración se realice en lugares anatómicos diferentes, mellorando desta forma a súa efectividade.

Así mesmo, tamén poden ser administradas simultaneamente coas vacinas sistemáticas.

Para máis información, consúltense as fichas técnicas en <http://gripe.sergas.gal>

6. Xestión

6.1 Distribución de vacinas a puntos de vacunación

Carga inicial

Os centros pertencentes ao Sergas recibirán unha carga inicial de doses sen ter que solicitala.

Os restantes centros (hospitais privados, centros médicos privados, residencias...) deberán solicitar a carga inicial de doses vacinais ás xefaturas territoriais correspondentes.

Distribución de vacinas

As peticións deberán realizarse antes das 14.00 horas, para poder levar a cabo a súa tramitación



1ª-2ª semana (24 de outubro-4 de novembro)

Realizarase 3 días á semana:

- **Martes:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o venres anterior.
- **Mércores:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o luns previo.
- **Venres:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o mércores previo.

3ª-4ª semana (7-18 de novembro)

- **Martes:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o venres anterior.
- **Xoves:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o martes previo.

A partir da 5ª semana da campaña (21 de novembro)

- **Xoves:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o martes previo.

NON SE SERVIRÁN ENVÍOS EXTRAORDINARIOS

(agás en casos moi puntuais e debidamente xustificados)

Peticións

As peticións realizaranse á xefatura territorial de Sanidade correspondente, a través da páxina web do Sergas: www.sergas.gal

En temas / saúde pública / enfermidades transmisíbles / Programa Galego de Vacinación / Xestión e Loxística / Xestión dos puntos do PGV

Seleccionar a opción que proceda:

- **Centros pertencentes á rede do Servizo Galego de Saúde:** os usuarios accederán introducindo o usuario e o contrasinal que utilizan habitualmente.
- **Restantes centros:** poderán acceder ao sistema mediante o certificado dixital.

Ante algunha circunstancia que impida realizar a petición por esta vía, deberá poñerse en contacto coa xefatura territorial de Sanidade.

A solicitude de doses terá que adaptarse ás necesidades reais do centro, tendo en conta as doses postas en anos anteriores, as estimacións para este ano e que nas primeiras semanas se entregarán doses tres veces por semana.

No caso de existir claras diferenzas entre as doses distribuídas e as rexistradas, os técnicos das xefaturas territoriais valorarán as cantidades a subministrar.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Accesibilidade Galego Castellán


SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Distribución de vacinas

Sistema de Información de Vacinas



Sistema de información da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde definido polo programa galego de vacinación (PGV) para levar a cabo as seguintes xestións, dende os puntos autorizados:

- Xestión do almacenamento das vacinas por parte de puntos de vacinación públicos e privados: xestión de peticións, xestión de stock e consulta de movementos.
- Xestión do almacenamento das vacinas por parte de puntos de vacinación públicos e privados: xestión de peticións, xestión de stock e consulta de movementos.

Se dispón de usuario na rede do Servizo Galego de Saúde pulse aquí:

Se accede ao sistema por certificado dixital pulse aquí:

Acceso usuario ➤

Acceso certificado ➤

Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde
 Xunta de Galicia

Tipo de vacina e número de doses que se solicitarán

Vacinas antigripais

Tendo en conta o stock existente no centro e o número de persoas que se prevé vacinar ata o momento da seguinte entrega, estimárase o número de doses que se van precisar de:

Influvac®

Para a vacinación das persoas menores de 75 anos non institucionalizadas.

Intanza 15®

Para a vacinación de persoas de:

- 75 ou máis anos.
- 65 ou máis anos ingresadas en residencias.

Vacina antipneumocócica**Pneumovax 23®**

6.2 Recepción das vacinas e mantemento da rede de frío

Cando se reciban as vacinas, verificarase que o tipo de vacina sexa a solicitada e o número de doses se achega ao solicitado.

As vacinas deberán trasladarse inmediatamente á neveira, conservarse a unha temperatura de entre +2 °C e +8 °C evitando a súa conxelación.

A neveira deberá estar dotada dun termómetro de temperatura máxima e mínima, do cal se deberán realizar dúas lecturas diarias: á primeira e á última hora da xornada laboral, e rexistralas.

As incidencias na recepción de vacinas débenselle notificar á xefatura territorial de Sanidade correspondente (vexase o anexo III), así como toda ruptura da rede de frío, especificando a temperatura dese momento, a máxima e mínima acadadas, así como o número estimado de horas de exposición ás ditas temperaturas.

6.3 Rexistro das doses administradas

Nos centros Sergas, as doses administradas débense rexistrar a través do módulo habilitado en IANUS para a campaña.

Os restantes centros rexistrarán as doses que administren vía web, igual que o resto das vacinas. [Premer neste enlace](#)

En temas / saúde pública / enfermidades transmisibles / Programa Galego de Vacinación / Xestión e Loxística / Xestión dos puntos do PGV

Campaña de vacunación antigripal 2016

CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRIPIAL E ANTIPNEUMOCÓCICA 2016

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Campaña de vacunación antigripal e antipneumocócica 2016

Nome: _____ Data de nacemento: dd/mm/aaaa Idade: xx anos

Punto de Vacinación: --

Data: 08/10/2016

Vacina: ☒ Antigripal ☐ Antipneumocócica polisacáridos

Nome comercial: ☐ Influvac ☐ Intanza 15

Lotes: _____

Grupo:

☐ Persoas con risco

- ☐ Embarazadas
- ☐ Persoal médico e en prácticas do SERGAS
- ☐ Persoal de enfermaría e en prácticas do SERGAS
- ☐ Outro persoal (auxiliares enfermaría, celadores, administrativos, outro tipo de persoal sanitario) do SERGAS
- ☐ Persoal sanitario de centros privados
- ☐ Outros grupos de risco *

☐ Persoas sen risco

* Os traballadores de centros sociais (residencias, centros de discapacitados...) deberán rexistrarse na epígrafe "Outros grupos de risco".

CONFIRMAR CANCELAR


Vacinas campaña antigripal 2016

Editar	Punto vacunación	Vacina	Data vacunación	Tipo
>	CENTRO SAUDE - SANTA COMBA	PNEUMOCÓCICA POLISACÁRIDOS	08/10/2016	Vacunación
>	CENTRO SAUDE - SANTA COMBA	GRIPE	08/10/2016	Vacunación

MODIFICAR ELIMINAR

As vacinas débense rexistrar, evitando a demora na súa informatización.

En caso de dúbida, os centros débense poñer en contacto coa xefatura territorial de Sanidade correspondente.



Rexistro das renuncias

En caso de que a persoa á que se lle indica a vacunación renunciase a ela, deberase consignar na epígrafe correspondente.

Existe un apartado específico para consignar esta información.

6.4 Recollida de doses sobrantes

As xefaturas territoriais de Sanidade correspondentes poñeranse en contacto cos centros a partir de xaneiro de 2017 para solicitarlles o número de doses de vacina antigripal e antipneumocócica que cómpre recoller no seu centro.

Os puntos que o precisen poderán quedar cun pequeno número de vacinas antigripais para completar pautas.

A información relativa a esta campaña pode consultarse na páxina web da
Dirección Xeral de Saúde Pública:

<http://gripe.sergas.gal>



Andrés Paz-Ares Rodríguez
DIRECTOR XERAL DE SAÚDE PÚBLICA




Jorge Aboal Viñas
DIRECTOR XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA





Anexos


Anexo I Instrucións de uso da vacina intradérmica (Intanza 15[®])



1. Retirar o tapón da agulla

Retirar o tapón da agulla do sistema de microinxección.


Non purgar o aire a través da agulla.



2. Suxeitar o sistema de microinxección entre o polgar e o dedo corazón


Suxeitar o sistema colocando soamente os dedos polgar e corazón sobre a zona de suxeición; o dedo índice non se apoia.

Non colocar os dedos sobre a fiestra.




3. Introducir a agulla rapidamente perpendicular á pel

Introducir a agulla perpendicular á pel, na zona do deltoide, nun movemento curto e rápido.



4. Inxectar usando o dedo índice

Unha vez que a microagulla se introduciu, manter unha leve presión na superficie da pel e inxectar usando o dedo índice para presionar sobre o émbolo. Non é necesario aspirar antes de administrar a vacina.



5. Activar o protector da agulla premendo con firmeza sobre o émbolo

Retirar a agulla da pel.

Manteña a agulla afastada de vostede e das persoas que están ao seu redor.

Coa mesma man, prema con firmeza co polgar sobre o émbolo para activar o protector da agulla.

Oirá un clic e un protector aparecerá para cubrir a agulla.

Eliminar inmediatamente o sistema no contedor disposto para ese efecto.

Considérase unha inxección correcta tanto se aparece como se non aparece pápula.

En caso de presenza de líquido no lugar da inxección logo da administración da vacina, non é necesario revacinar.



Anexo II Coordinadores/as das xerencias de xestión integrada

A Coruña e Cee

Alfredo Silva Tojo / Gerardo Barreiro Pombo
Tfnos.: 464656 - 648 714 047 / 462222 - 618 197 176
Correo electrónico: alfredojose.silva.tojo@sergas.es / gerardo.barreiro.pombo@sergas.es

Ferrol

Esther Vidal Maroño
Tfno.: 981 334 018
Correo electrónico: esther.vidal.marono@sergas.es

Santiago de Compostela-Barbanza

Carmen Portals Coto
Tfnos.: 256134 - 460954
Correo electrónico: maria.carmen.portals.coto@sergas.es

Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

Ángeles Dono Díaz
Tfno.: 982 296 130
Correo electrónico: maria.de.los.angeles.dono.diaz@sergas.es

Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

Montserrat Souto Pereira
Tfno.: 988 066 439
Correo electrónico: montserrat.souto.pereira@sergas.es

Pontevedra e O Salnés

Dolores Otero Alarcón
Tfno.: 986 807 011
Correo electrónico: maria.dolores.otero.alarcon@sergas.es

Vigo

Ana Estévez Álvarez
Tfno.: 619 606 625
Correo electrónico: ana.maria.estevez.alvarez@sergas.es

Anexo III Xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade

A Coruña

Tfnos.: 981 155 822 - 981 082 261
Fax: 981 155 725
Correo electrónico: corunavacinas.dlpc@sergas.es

Lugo

Tfnos.: 982 292 117 - 982 292 113
Fax: 982 292 115
Correo electrónico: _DLL_VACINAS@sergas.es

Ourense

Tfnos.: 988 066 347 - 988 066 332
Fax: 988 066 302
Correo electrónico: vacinas.sanidade.ourense@sergas.es

Unidade de Pontevedra

Tfnos.: 986 885 826 - 986 885 824
Fax: 986 885 802
Correo electrónico: vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es

Unidade de Vigo

Tfnos.: 986 817 724 - 986 817 233
Fax: 986 817 627
Correo electrónico: vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es

A información relativa a esta campaña pode consultarse na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública:

<http://gripe.sergas.gal>

